

“C” RESI
DEN
CIAS
ESCÉ
NICAS

SALA
AGUSTÍN
MAGÁN

CSC SANTA MARTA
Antonio Rama Seoane 6



CONCELLO DE
SANTIAGO

O Concello de Santiago abriu, por segundo ano, a convocatoria de residencias de creación artística e estadias técnicas para proxectos de artes escénicas na Sala Agustín Magán, no CSC de Santa Marta. Dirixida a compañías e creadores e creadoras de artes escénicas profesionais con sede en Galicia, ten como obxectivo dar apoio loxístico ao sector poñendo ao seu dispor este espazo público.

Asemade, a Concellaría de Acción Cultural está a desenvolver unha política activa de fomento de novos públicos e neste sentido, solicítalle aos seleccionados e seleccionadas, a cambio deste apoio de residencia, que

poñan en marcha algunha actividade de mediación coa comunidade local.

A sala Agustín Magán é un novo espazo de artes escénicas da cidade que se atopa no teu barrio. Queremos que coñezas a sala, a goces e participes dela. Dentro da convocatoria de residencias, estes son as actividades (ensaios abertos, conferencias, coloquios, work in progress...) que poderás ver de xaneiro a xuño do 2018.

Consultar a programación completa da sala en:

www.compostelacapitalcultural.gal

- 📍 CompostelaCultura
- 📍 CCultura



Presentación do traballo en proceso con posterior charla.
Sábado 27 de xaneiro ás 12.00 h.

nimiedades

Helen Bertels

Residencia do 22 de xaneiro ao 6 de febreiro de 2018.

Escóitanse uns pasos. Clac, clac, clac. Dúas figuras grises e de ombros caídos aparecen en escena. Levantan a mirada. Teñen as caras moi brancas. Parecen tristes? Bam! Vaise a luz. ...e volve. Alí no chan quedan dúas aletas de mergullo. Que foi o que pasou?

Nimiedades son 13 caixas de agasallo. 13 accións escénicas levadas a cabo por Helen Bertels e Mónica de Nut. Darán entrada a un universo feminino. A un mundo afastado e próximo á vez. Un mundo de adiviñanzas, paradoxos, choros e risas. Un mundo que dea forza e faga fuxir ao medo. Un universo circular no que a escuridade non é apartada e maldita, no que é permitido chorar tódolos días se fai falla e no que podemos facer o ridículo todo o que queiramos.



Conferencia e posterior debate.
Sábado 24 de febreiro ás 17.00 h.

Manuel García Martínez ofrecerá a conferencia 'A danza-teatro, unha tendencia contemporánea' acompañado de Masako Hattori que presentará un resumo do seu traballo na sala. A presentación terá unha duración de 70 minutos e a continuación abrirase un debate co público.

este es de aire, el otro de agua

Kokoharuka

Residencia do 18 de decembro de 2017 ao 5 de xaneiro de 2018

Hattori é unha artista plástica, video, creadora e performer nacida en Xapón e licenciada en Artes Plásticas pola Universidade de Artes de Kyoto e Manuel García é profesor titular do Departamento de Filoloxía Francesa e Italiana da USC, doutorado en Estética, Ciencias e Tecnoloxía das Artes.

'Este es de aire, el otro de agua' é un espectáculo dirixido por Hattori e protagonizado por David Loira, que fala de como o crecente mundo virtual afecta á nosa liberdade, á nosa privacidade e ás nosas relacións transformando a nosa identidade.



Representación da obra ensaiada. Para todos os públicos a partir de 12 anos. Escenificación da rodaxe dunha película de medo.
Venres 9 de marzo ás 19.00 h.

'A carreta pantasma' está baseado no filme sueco do mesmo título estreado en 1921, dirixida por Víctor Sjöström a partir dun relato de Selma Lagerlof, a primeira muller en recibir un Nobel de Literatura sobre unha crenza popular.

a carreta pantasma

Paula Carballeira. Berrobambán

Residencia do 19 de febreiro ao 9 de marzo de 2018

Espectáculo singular no que se afonda entre os límites da narración oral e o teatro. É, por tanto, un exercicio de sinxeleza ao levar á escena o poder da palabra amplificada con elementos de significación escénica. Unha exploración sobre a emoción a través dos mínimos artificios. "A carreta pantasma" fálanos da morte, do medo e da memoria. Vivimos no inmediato e esquecemos con moita facilidade. Ás veces atópanos sen saber onde ir, que facer, que pensar, porque esquecemos de máis e xa non nos recoñecemos no espello. A memoria colectiva ofrécenos identidade, e de memoria falan as tres historias que compoñen este espectáculo.



orquestra de malabares

Pistacatro Produtora de Soños SL

Residencia do 12 ao 16 de febreiro e do 12 ao 24 de marzo de 2018

'Orquestra de Malabares' consiste na actuación conxunta da Banda Municipal de Música de cada vila ou cidade de Galicia onde se celebre o espectáculo e un grupo de 6 malabaristas-actores-bailaríns. A proposta escénica versa sobre as aventuras que lles acontecen a dúas compañías de artistas (malabaristas e músicos) ao chegar ao momento de actuación perante o público.

A banda interpretará diferentes composicións musicais, que serán acompañadas polas actuacións de malabares. A medida que a Banda Municipal interpreta as diferentes pezas, os malabaristas realizarán diferentes coreografías de malabares, os cales se compaxinarán co ritmo e harmonía da música. Un proxecto singular e único que une o mundo do circo e a música.

Xoves 15 de marzo ás 18.00 h.



masa madre & sal marina

Funboa Escénica

Residencia do 28 de outubro ao 8 de novembro de 2017

'Masa madre + sal marina' é un proxecto escénico que comezou a súa busca na Sala Agustín Magán. Neste proceso longo desbotaron a proposta inicial porque non se sentían cómodos nesa forma de representación, procurando dalgún xeito non sufrir no proceso e desfrutar como intérpretes e creadores. Nesa transición deron forma a un manifesto e decidiron crear un concerto á súa maneira deixando que os seus textos transformados en música xeren unha dramaturxia na que xorden os seus dramas cotiáns e tamén os seus soños.

Actividade con charla do proceso e un pequeno fragmento do espectáculo. Duración aprox: 90 min. **Sábado 10 de marzo ás 19.30 h.**

Propoñen un encontro de mediación no que falarán deste proceso creativo facendo pequenas achegas escénicas do que foi 'Masa madre' e do que chegou a ser e intentando xerar comunicación cos asistentes nunha conversa aberta sobre artes escénicas.



riscando o ceo

Circo Chosco

Residencia do 8 ao 19 de xaneiro de 2018

Circo Chosco créase ao coñecerense Ariñe Azkue e Óscar Páez na escola de circo Oreaka (Pamplona), na que se formaron durante tres anos. Ali aprenden diferentes técnicas de circo así como malabar, equilibrios, aéreos, clown, interpretación, creación... Despois toman diferentes camiños até que o actor, clown, docente e director Walter Velázquez, lles bota unha man na dirección de 'Chosco!'

'Chosco!' é o espectáculo que nos ofrecen no marco da residencia na que preparan 'Riscando o ceo'. Trátase dun espectáculo case sen palabras e para todos os públicos, mestura de comedia e circo, que da como resultado unha obra cómica, con técnica de clown, chea de acrobacia, malabar, lume, moitas interaccións co público nun show moi visual e participativo.

Actividade con charla do proceso e un pequeno fragmento do espectáculo 'Chosco!' Duración: 45 min. Todos os públicos. **Sábado 28 de abril ás 20.00 h.**



residencias paraíso

Residencia do 9 ao 27 de abril de 2018

Neste 2018 celébrase unha nova edición de Residencias Paraíso, proxecto do Colectivo RPM e a AGADIC, que ofrece unha serie de residencias artísticas para desenvolver proxectos de investigación ou creación en distintas cidades galegas. A Sala Agustín Magán únese como espazo colaborador este ano e terá en residencia algún dos proxectos elixidos desta edición, un total de oito en nove espazos diferentes. O Concello de Santiago pasa así a ser coprodutor do programa.

Encontro anual de todos e todas as artistas seleccionadas desta edición. Xornada aberta ao público. **Xoves 29 de novembro de 2018.**

Actividade de mediación por definir unha vez seleccionado o proxecto residente na sala Agustín Magán.



Mostra do proceso de creación. Work in progress. **Venres 11 de maio ás 20.30 h.**

ohlimpiadas!

Desincronacidas

Residencia do 26 de marzo ao 6 de abril e do 7 ao 11 de maio de 2018

Que pasaría se a nosa vida fora retransmitida coma o Tour de Francia ou coma os saltos sincronizados...? E se nos comportásemos como cert@s deportistas na nosa rutina diaria? Este espectáculo basease no cotiá da vida retransmitida coma un deporte en directo para crear un mundo rexido polo absurdo, onde o xesto deportivo e o mundo real mestúranse nunha quimera de disparate continuo.

Estas situacións cobran vida grazas á combinación de técnicas coma a danza e os portés acrobáticos. E por suposto todo bañado cunha boa dose de humor que dá soporte a este mundo de disparate que constrúen 'Desincronacidas' para o deleite de todos os públicos.



Ensaio aberto e posterior coloquio. **Xoves 31 de maio ás 18.00 h.**

carpe diem

Produccións Excéntricas

Residencia do 14 de maio ao 1 de xuño de 2018

Inspirada na sesión que a compañía xa fixo con motivo da residencia d'A Cabeza do Dragón, farán un ensaio aberto con demostración didáctica de todos os estratos do acto teatral, dende a intención previa até a execución harmónica das distintas linguaxes que conflúen no teatro: a luz, a música, o vestuario, o espazo, a marcación escénica e o uso lúdico do espazo por actrices e actores. Todas estas linguaxes presentaranse deconstruídas e posteriormente unidas nun divertido e instrutivo puzzle. Trátase dun xogo co público, seguido dunha conversa, que lonxe de destripar o xoguete teatral, aumenta o seu interese como espello pública e instrumento de reflexión.

Nesta ocasión, aparte das linguaxes xa citadas traballarán algúns casos singulares, como a versión do texto desde unha variante tan próxima á nosa lingua como é o portugués do Brasil. Outra singularidade é o uso da música en directo, sobranceando a súa función ambiental, para facer dela un factor narrativo e, finalmente, a relación do teatro co cinema e a influencia deste na nosa biografía sentimental. Non é pouco.



Venres 8 de xuño ás 18.00 h.

nómades

Xarope Tulú

Residencia do 4 ao 8 de xuño de 2018

Nómades, é un espectáculo dedicado ao público infantil e xuvenil onde o movemento, a música e a palabra nos convidan a viaxar por paisaxes singulares. Somos nómades, transitamos sen morada nin corpo fixo. Habitamos a beleza do diverso, esa beleza que dá cor aos outros corpos e facilita a aparición de novas tonalidades, texturas e xeitos de vivir. Onde non existe un corpo equivocado, onde é posible imaxinar ás persoas en abstracto.



Traballo de videodanza e movemento en proceso de creación. **Venres 29 de xuño ás 18.00 h.**

Propoñen un espazo de debate posterior a mostra do "working-progress" da peza, para compartir co público o proceso da creación e formulación da mesma.

huella

María Move

Residencia do 11 ao 30 de xuño de 2018

A mostra consistirá nunha proxección do traballo audiovisual e pequena mostra de movemento froito da investigación durante a residencia.

Unha liña, que nun primeiro momento é tan só unha creación, mais tarde un devir inevitable que deixará pegada; a pegada ('HUELLA') que traza a existencia, a VIDA. Esta é a premisa deste proxecto: A "pegada", trazada pola existencia. Dela xorde un traballo audiovisual no que se contemplan os corpos e o movemento pasando por espazos e creando o rastro, as 'huellas', dentro e fora, ao seu paso. Dela xorde tamén a inquietude de compartir a través da arte e a palabra, un espazo de diálogo co público.

CURSOS

textura e musculatura da escrita teatral

Profesor: Afonso Becerra de Becerreá

Dramaturga convidada: Avelina Pérez

Obxectivos e descrición xeral:

Converter a letra en movemento, encontrar o ritmo que canaliza o sentido da escrita. Traballar textos e texturas. Buscar as sensacións físicas e os efectos cognitivo-emocionais xerados pola escrita.

Exercicios sobre técnicas e metodoloxías centradas no lúdico, na configuración de situacións de acción e personaxes, na emerxencia de voces e na inscrición da oralidade, na direccionalidade das voces, nas calidades sensoriais e atmosféricas producidas por distintos tipos de interacción verbal.

Obxectivar os criterios da beleza e do gusto respecto á escrita teatral.

Dez xornadas de 11.30 a 13.30 h.
Os sábados 3, 10 e 17 de marzo; 7, 14 e 21 de abril; 5, 12, 19 e 26 de maio.

25 prazas por orde de inscrición ata o 28 de febreiro.

Inscricións en:
proxectoscultura@santiagodecompostela.gal

 CompostelaCultura

 CCultura

www.compostelacapitalcultural.gal